

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

ASUNTO: ACEPTACIÓN CAUSA DE ABSTENCIÓN EN ÓRGANOS DE SELECCIÓN E NOVO NOMEAMENTO (2ª FASE OEP 2020.2021.2022)

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/08/2025, tivo lugar a aprobación de listas de persoas admitidas e excluídas provisionalmente, designación de órganos de selección, datas e lugares do primeiro exercicio da 2ª Fase da OEP 2020-2021-2022, acordo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 18/08/2025.

II.- Dº J. Figueroa Castro, mediante documento 250242481, solicita abstención a participar nos órganos de selección dos procesos nos que fora nomeado nesta 2º fase, concretamente como terceiro vogal suplente no proceso de Axudante de Oficios e como primeiro vogal suplente no proceso de Oficial de mantemento, por causas recollidas no artigo 23.2 b) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Toda vez que os motivos alegados constitúen efectivamente causa de abstención conforme ao citado artigo 23.2 b) LRXSP , procede aceptar a renuncia e realizar un novo nomeamento na súa substitución.

COMPETENCIA

É competente a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025) e delegación expresa da mesma Xunta de Goberno Local por acordo de data 04/08/2025.

Á vista do exposto, elévase ao órgano competente a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Aceptar a causa de abstención presentada por J. Figueroa Castro para asistir nos órganos de selección dos procesos para os que fora nomeado na execución da 2ª Fase da OEP 2020-2021-2022, concretamente nos de Axudante de Oficios e Oficial de Mantemento conforme ao establecido no artigo 23.2 b) da LRXSP e no seu lugar nomear a:

-Proceso de Axudante de Oficios:

Vogalía terceira suplente: Roberto Rey Solla, responsable de carpintería na Deputación Provincial de Pontevedra.



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

-Proceso Oficial de mantemento:

Vogalía primeira suplente: Ricardo Moledo Varela, oficial telefonista da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo.- Notificar a presente aos interesados e publicar na web municipal a presente resolución a efectos de público coñecemento, indicando que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O técnico de administración xeral.- Marcos Viturro Gómez

CONFORME:

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024.- María Olga Alonso Suárez

DECRETO: Logo de examinar a precedente proposta, RESOLVO de conformidade con ela.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 e delegación expresa por acordo Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025).-Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, a Secretaria

